

MEMORIA-INFORME PARA TRAMITAR UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DOS/AS ESTUDANTES DA FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS

Ref.: 20TX/mmo

Expt.: 2020/ NG08

ANTECEDENTES E RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) ten como principal obxectivo prestar o servizo público de educación superior, realizando actividades de docencia e investigación. No seu ámbito, a Facultade de Ciencias Políticas e Sociais ten especial interese en potenciar as actividades de formación, especialización e prácticas en temas relacionados coa realidade social, cara a unha futura inserción laboral do seu alumnado.

Por outra banda, de acordo coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico e co Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do Instituto Galego de Estatística (IGE), entre as funcións encomendadas ao IGE nos seus Plans anuais de actuación figuran, dentro do apartado de "Cursos, seminarios e outras actividades formativas e divulgativas" as "Prácticas de alumnos das universidades galegas". Todo isto en coherencia coa Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e como actuacións complementarias ás reguladas pola Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021 e recollidas nos Programas estatísticos anuais que o desenvolven.

Polo exposto, parece conveniente subscribir un convenio de colaboración entre ambas entidades, para proporcionar aos/ás alumnos/as da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, a posibilidade de realizar prácticas tuteladas no IGE.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

- Que dentro da Secretaría Xeral, o Servizo Técnico Xurídico e de Contratación, segundo o Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do Instituto Galego de Estatística (IGE), asume o impulso e a tramitación administrativa do expediente.



- Que deberá solicitarse á Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda un informe previo sobre o proxecto deste convenio de colaboración entre o IGE e a USC.
- Que, ao se tratar dun convenio sen achega ou obriga económica algunha, non se considera necesaria a súa fiscalización pola Intervención xeral ou delegada.
- Ao non ter orzamento económico, tampouco cómpre aplicar a instrución segunda do Acordo do 29 de xuño de 2000 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se ditan instrucións para coordinar as achegas económicas da Xunta ás universidades galegas, relativo á solicitude de informe á Dirección Xeral de Universidades.
- Que é aplicable o establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que conforman o capítulo VI “Dos convenios” dentro do título preliminar.
- Tamén é aplicable o establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios que celebre a Xunta de Galicia, organismos autónomos e entes de dereito público dependentes dela con outras administracións ou entes de dereito público ou privado, polo que se remitirá copia compulsada do texto do convenio.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2020

A xefa do Servizo Técnico Xurídico e de Contratación

Mónica Martínez Otero

A Secretaria xeral

Rosa E. Fernández González

